



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE CELEIRO POLA QUE SE PUBLICA O LISTADO PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA OUTORGAMENTO DA MODALIDADE DE PERCEBE EN EMBARCACIÓN NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO

Procedemento: **Outorgamento das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación para embarcación e da acreditación para a explotación do percebe**

Núm. expediente: **PE401L_C-2025-00019**

Entidades: **Confraría de Celeiro (Viveiro)**

Modalidade: **PERCEBE (Z9) (26I)**

Data inicio recepción solicitudes: **17-07-2025**

Data fin recepción solicitudes: **07-08-2025**

Número de embarcacións: **1**

Número de cotas: **1**

ANTECEDENTES

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027. (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2024/24-2), da Confraría de pescadores de Celeiro (en diante, a entidade) estableceuse un número máximo de oito (6) embarcacións con trece (13) tripulantes habilitados con dereito a cota para o ano 2025.

2. Por Resolución do 10 de xullo de 2025 do Departamento territorial de Celeiro da Consellería do Mar aprobouse a adaptación das medidas de xestión no plan de xestión de percebe da dita entidade. Esta adaptación consistiu no aumento de número de embarcacións participantes, engadindo unha embarcación cunha ota de captura.
3. O 14 de xullo de 2025 a Confraría de pescadores de Celeiro presenta unha solicitude para que se convoque o proceso selectivo para outorgar a modalidade de percebe a unha (1) embarcación cunha (1) habilitación asociada, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe entidade.
4. Mediante Resolución do 16 de xullo de 2025 do Departamento territorial de Celeiro, convócase o proceso selectivo para outorgar a modalidade de percebe a unha (1) embarcación cunha (1) habilitación asociada, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de percebe entidade.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A Orde do 6 de abril de 2004, pola que se regulan os procedementos de publicación das convocatorias para o outorgamento das modalidades e recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións (DOG núm. 68 do 7 de abril), nos artigos 14 e seguintes regula a tramitación deste procedemento administrativo.
2. So se presentou unha solicitude para a obtención da modalidade de percebe no permiso de explotación da embarcación, que se valorou de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020. Nou houbo solicitudes excluídas.
3. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior **RESOLVO**,

1. Facer publica a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas neste proceso selectivo para acceder á modalidade de percebe no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do plan de xestión de percebe da Confraría de pescadores de Celeiro.
2. Contra a relación provisional de puntuacións, as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante este departamento territorial. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para outorgar a puntuación definitiva.

Listado de solicitudes **admitidas**:

CFPO	Embarcación	Lista, matrícula, folio	Puntos Totales
26389	TIBURON DOUS	3ª-CO-5-3-05	3,50

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada no prazo dun mes no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á notificación da presente resolución, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do departamento territorial de Celeiro, no e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da confraría de pescadore de Celeiro.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

